

LEMBRA QUE

As palabras que van diante do substantivo para concretalo ou determinalo funcionan como **determinantes**.

As clases de palabras que poden realizar a función de determinantes son os **artigos**, os **demonstrativos**, os **posesivos**, os **numerais**, e os **indefinidos**.

O **artigo** é unha palabra que funciona como determinante e indica o xénero e o número do substantivo que o acompaña.

O artigo contrae coas preposicións **a**, **con**, **de**, **en** e **por**, dando como resultado: **ao** ,**á** ,**aos** ,**ás**;; **co**,**coa**,**cos** , **coas**; **do**, **da** **dos**,**das**; **no**, **na**, **nos** , **nas**; **polo**, **pola**, **polos**, **polas**.

EXERCICIOS

1. Subliña os determinantes.

- aquelas rapazas
- esta televisión
- as pantasma
- a miña escola
- algún cristal
- as chaves
- catro cans ningunha amiga

2. Completa o cadro coas contraccións .

	a	con	de	en	por
o					
a					
os					
as					

3. Completa o texto coas formas do artigo e coas contraccións necesarias.

“Un ladrón moi especial”

..... nosa casa ten dous pisos. Unha tarde desapareceron de segunda plantapendentes de ouro eanel de diamantes demamá.ladrón entrara porventá, pero como subira? Que misterio! A día seguinteavoa viu unha pega que levaba todasboliñas de cristal que eu tipa enriba de caixoneira. E é que apaxaro este gustábanlle moitoobxectos brillantes.

1. Volve copiar o texto substituíndo as palabras destacadas por pronomes persoais tónicos.

Paula foi de excursión ao Courel. Con Paula foron Pedro e Alberte, aínda que a Pedro e a Alberte non lles gusta camiñar. As irmás de Alberte van ir a semana que vén, porque ás irmás de Alberte si que lles gusta moito andar e Alberte recomendóullelo.



2. Localiza os pronomes persoais deste texto e clasifícaos.


A historia que che contaron eles é mentira. A verdade é que nós os dous quedáramos na parada do autobús, pero dixéronme que ti non ías vir, por iso eu non te esperei. Outra vez non os escoitarei.

PRONOMES PERSOAIS TÓNICOS ▶ _____


PRONOMES PERSOAIS ÁTONOS ▶ _____




3. Pinta os pronomes do cadro segundo o código de cores.


 1.ª persoa do singular

 2.ª persoa do singular

 3.ª persoa do singular

 1.ª persoa do plural

 2.ª persoa do plural

 3.ª persoa do plural

ela	me	eu
ti	vós	o, os
che, te	el	eles
nós	nos	vostedes
vostede	elas	a, as
vos	lle, lles	min

1. Le este texto e fíxate no significado das palabras destacadas.

O oso é un dos animais máis fortes que hai. De pé pode chegar a medir máis de dous metros. Os osos son omnívoros, pois o mesmo lles dá comer carne ca coller bagas das pólas.

Nós vimos un no circo e obedecía ao domador.



■ Escribe a que palabra das destacadas se refire cada significado.



- Forma do verbo *dar* ▶ _____
- Contracción de *de* mais *as* ▶ _____
- Pronome persoal tónico ▶ _____
- Adverbio de cantidade ▶ _____
- Forma do verbo *ser* ▶ _____
- Parte das árbores (en plural) ▶ _____
- Animal salvaxe ▶ _____
- Contracción de *en* mais *o* ▶ _____
- Parte do corpo humano ▶ _____

■ Escribe o significado das seguintes palabras. Consulta o dicionario, se che còmpre.

- da* ▶ _____
- dás* ▶ _____
- nos* ▶ _____
- mais* ▶ _____
- e* ▶ _____
- polas* ▶ _____
- óso* ▶ _____
- nó* ▶ _____
- pe* ▶ _____

1. Completa o texto coas formas verbais correspondentes.

descubrín • foi • gustou • visitamos • había • dixo

Onte _____ a sala de exposicións municipal. A mestra _____

que _____ unha exposición moi curiosa de trens en miniatura.

A min o que máis me _____ unha locomotora

de vapor que _____ escondida entre uns modernos

trens de alta velocidade. Que preciosidade!



■ Escribe agora as formas verbais anteriores en infinitivo e arredéaaas seguindo o código.

Primeira conjugación _____

Segunda conjugación _____

Terceira conjugación _____

2. Escribe cinco formas verbais de cada un destes infinitivos.

• andar _____

• beber _____

• prohibir _____

3. Copia o texto substituíndo os infinitivos destacados polas formas verbais apropiadas.

A fin de semana (ir) á casa da aldea. (Celebrar)se o aniversario de voda dos avós. Seica (levar) trinta e cinco anos casados. Mi madriña, toda unha vida! O avó (contar)nos como (coñecer) á avoa e como lle (pedir) que (casar) con el. A avoa (poñer)se toda encarnada e a nós (pegar)nos a risa. (Divertir)nos moito.

Literatura A estrutura da narración

1 Le atentamente o seguinte texto.

Raquel e os seus pais chegaron á praia, e axiña comprobaron que a realidade era moito peor do que imaxinaran. O espectáculo da ribeira semellaba sacado dun desacougante pesadelo. A area dourada da praia aparecía agora cuberta de chapapote, como se unha nevada negra descargase con furia pola noite.

Pero xa comezara a loita contra aquel dragón de infinitas bocas negras. Pola praia e polos cantís había unha chea de persoas, moitas enfundadas en monos brancos que as cubrían dos pés á cabeza. Coas mans, con pas, con enciños, con sachos... ían arrincando aquela viscosa capa de chapapote. Tanto Raquel como os seus pais observaban en silencio a realidade que tiñan diante, mentres notaban como os ollos se lles enchían de bágoas e unha onda de emoción lles percorría o corpo.



Vocabulario

chapapote: residuo de petróleo vertido no mar.

cantís: acantilados.

viscosa: espesa e pegañenta.

—Non viñemos aquí para chorar— dixo a nai, con voz enérxica— E tampouco para estarmos de miróns. Así que imos falar con Xavier canto antes, a ver de que xeito podemos axudar.

Xavier recibíunos cos brazos abertos e cedelles un dos apartamentos do cámping, desocupados durante os meses de inverno. Tamén lles dixo que na Confraría da vila lles facilitarían o material necesario para que puidesen participar na limpeza. Como Raquel aínda era moi nova para axudar, decidiron que un día traballaría o seu pai e outro a súa nai.

Comezou a súa nai, aquela mesma tarde. Desde o alto das dunas, Raquel contemplaba a batalla sen tregua que enfrontaba a toda aquela xente coa praga de chapapote. Homes e mulleres loitando por descubrir de novo a area dourada, por devolverlle ao mar as cores que sempre tivo... era unha boa razón para a esperanza.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ: *A praia da esperanza*, Edicións Xerais

2 Quen é a protagonista da historia? Que outros personaxes aparecen?

.....

3 Onde transcurre a historia? Que sucede nese lugar?

.....

4 Indica se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións.

- Raquel e os seus pais estaban moi tristes polo que estaba sucedendo.
- A nai de Raquel dixo que xa irían falar con Xavier ao día seguinte.
- Xavier cedoulles dous apartamentos do cámping.
- Raquel tamén se puxo a colaborar coa limpeza.

- A que parte da historia pertencen as afirmacións verdadeiras: á introdución, ao nó ou ao desenlace?

.....

5 Sinala o debuxo que representa o desenlace da historia e escribe o que acontece.



.....

.....

6 Pensa unha introdución diferente para a historia de Raquel e escribea.

.....

.....

.....

Trucos para mellorar a túa atención

7 Tes trinta segundos para rodear as palabras *area* e *axuda* en cada columna. Non podes utilizar o dedo, tes que atopalas só coa vista.

areal
axugar
axuda
areca
area

area
areixa
axuda
areal
axugar

axuizar
area
areal
axuda
areallo